

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2024 pola que se corríxen os erros detectados na Resolución do 14 de setembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia do 22 de setembro) pola que se convocou o proceso selectivo para a provisión de seis prazas vacantes da relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos funcionario, de conformidade co establecido na oferta de emprego público de prazas de persoal de administración e servizos para os anos 2020 e 2022.

De acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, «As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos».

Para evitarlles confusións ás persoas aspirantes, esta xerencia acorda corrír os erros detectados na convocatoria de dúas prazas da escala técnica de especialistas, subescala medios audiovisuais (mestre de taller), abrir un novo prazo de presentación de solicitudes unicamente para esta escala técnica especialista, subescala medios audiovisuais, e ordenar a publicación desta resolución para os efectos oportunos.

Polo exposto, advertíronse os seguintes erros na Resolución do 14 de setembro de 2023 (DOG do 22 de setembro) no relativo á escala técnica de especialistas, subescala de medios audiovisuais (mestre de taller):

Na páxina 53995 (DOG núm. 181, do 22.9.2023), onde di:

«Escala	Subescala	Subgrupo	Oferta de emprego público	
			2020	2022
Escala técnica de especialistas	Medios audiovisuais (mestre de taller)	C1	1	1(**)

(...)

** Por motivos de eficiencia administrativa e de xestión inclúense nesta convocatoria as prazas da oferta de emprego público de 2022 coincidentes en escala, subescala e subgrupo coas correspondentes á oferta de emprego público de 2020».

CVE-DOG: erre2022-kfu3-wz50-qfu3-pwhlyah75nt2



Debe dicir:

«Escala	Subescala	Subgrupo	Oferta de emprego público	
			2020	2022
Escala técnica de especialistas	Medios audiovisuais	C1	1(**)	1(**)

(...)

**Por motivos de eficiencia administrativa e de xestión, inclúense nesta convocatoria dúas prazas: unha praza da oferta de emprego público de 2020 da escala técnica de especialistas, medios audiovisuais (mestre de taller), que na RPT aprobada o 4 de novembro de 2021 pasou a denominarse escala técnica de especialistas, medios audiovisuais, e unha praza da oferta de emprego público de 2022 (escala técnica de especialistas, medios audiovisuais), ambas coincidentes en escala, subescala e subgrupo».

Na páxina 54023 (DOG núm. 181, do 22.9.2023), onde di:

«ANEXO V. Temario subescala medios audiovisuais (mestre de taller)».

Debe dicir:

«ANEXO V. Temario da subescala de medios audiovisuais».

Esta corrección de erros implicará a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo da escala técnica de especialistas, subescala de medios audiovisuais. O prazo para presentar as solicitudes establécese en vinte días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpor un recurso de reposición ante esta reitoría no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro).

A Coruña, 6 de febreiro de 2024

O reitor da Universidade da Coruña
P.D. (Resolución do 16.1.2024)
María Jesús Grela Barreiro
Xerenta da Universidade da Coruña

CVE-DOG: errez022-kfu3-wz50-qfu3-pwhlyah75nt2

